

Accipiter nisus (Linnaeus, 1758)

	gabián
	gavilán
	gabiraia
	esparber
	Eurasian sparrowhawk
	gavião-da-europa



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	110-196 g(♂), 185-342 g(♀)
Lonxitude	29-34 cm(♂), 35-41 cm(♀)
Envergadura	59-64 cm(♂), 67-80 cm(♀)

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Accipitriformes	Accipitridae	<i>Accipiter</i>

ALIMENTACIÓN

Aves de pequeno tamaño, sobre todo pardais, pombas, merlos ou estorniños; e morcegos.

COMPORTEAMENTO

Son diúrnos, territoriais e, na época de celo, agresivos. Na época de celo fórmanse parellas que adoitan reencontrarse os anos seguintes. Nunha boa parte da súa distribución son sedentarios, pero nas máis frías migran no inverno a rexións cálidas.

REPRODUCCIÓN

O período de celo abarca de marzo a xuño. As femias poñen 3-6 ovos, que incuban durante 33-35 días, mentres os machos as alimentan. A cría, alimentada pola nai que á súa vez segue sendo alimentada polo macho, pode voar a partir dos 24-28 días, e acada a madurez sexual aos 1-3 anos.

HÁBITAT

Bosques, xardíns, parques e zonas urbanas.

DISTRIBUCIÓN

Poden atoparse durante todo o ano na meirande parte de Europa, no Cáucaso, no Himalaia no nordés de China, no oeste de Honshu, na Macaronesia e no oeste do Magreb. Soamente en verán no norte de Fenoscandia, en Rusia, no norte de Casaquistán e Mongolia e no resto de Xapón. Só en inverno na metade sur de Asia continental, Sri Lanka e nordés de África.

CURIOSIDADES

O seu voo é característico dos gabiáns, consistente en alternar aleteos rápidos con voos curtos en traxectos curvos. Dimorfismo sexual moi evidente na coloración.

A subespecie presente no campus é *Accipiter nisus nisus* (Linnaeus, 1758) que cría en Europa e no oeste de Asia, e pode pasar o inverno en Exipto, Paquistán e Arabia.